

## Á XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

Manuel González Moreira, na súa condición de Secretario Comarcal da CIG-Saúde, actuando no nome e representación desta central sindical, con enderezo ós efectos de notificacións, no local sindical situado no Hospital Álvaro Cunqueiro, diante desa Xerencia comparece e, como mellor proceda,

DI:

Que a medio do presente escrito ven a solicitar o cese inmediato das recentes actuacións consistentes en suspensión de días de permiso, LDs, cambios de quendas e outras similares, que nos últimos días están sendo comunicadas a persoal da Área Sanitaria, petición que se fundamenta nos seguintes:

### MOTIVOS

PRIMEIRO.- Modificación das condicións de traballo sen a preceptiva negociación previa. A lexislación de aplicación impón que para a modificación das condicións de traballo do persoal estatutario, é requisito previo indispensable a negociación coas organizacións sindicais e os órganos de representación. A falta absoluta dese requisito fai que esas actuacións sexan NULAS DE PLENO DEREITO.

SEGUNDO.- As comunicacións de modificacións a que se refire o presente escrito, estanse realizando de xeito totalmente informal, cunha simple mensaxe de whatsapp ou similar. O que provoca a inseguridade das persoas afectadas en relación coa obrigatoriedade e legalidade da medida, téñase en conta que algunhas destas medidas consisten en suprimir días de permiso previamente concedidos e cambios en quedas fixas.


	SERVIZO GALEGO de SAÚDE	Área Sanitaria de Vigo
1 - DEC. 2021		
REXISTRO DE ENTRADA		
Núm. 210013262		

TERCEIRO.- Por outro lado, esas medidas/actuacións estanlles a ocasionar a algunha persoas prexuízos económicos (anulación viaxes contratados, contratacións persoas para atender menores ou maiores dependentes,....), polo que eses prexuízos deben ser indemnizados.

Polo exposto, SOLICITA o CESE das actuacións consistentes en cambios de quenda, suspensión ou supresión de permisos concedidos e similares a que se refire o presente escrito, por tratarse de actuacións totalmente carentes de respaldo xurídico, e se proceda a indemnizar ás persoas ás que estas medidas lles ocasionaron prexuízos.

En Vigo, 1 de decembro de 2021.

Asdo. Manuel González Moreira



Sec. Comarcal. CIG-Saúde

